




**UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**



A Resolución do 12 de novembro de 1998 polo que se acorda refundir as **Normas de Xestión Académica da Universidade de Santiago de Compostela** (DOG do 14 de xaneiro de 1999) establece os prazos para a convocatoria dos Premios Extraordinarios entre o 15 e o 30 de novembro.

Na Facultade de Xeografía e Historia, realizouse a convocatoria nos prazos establecidos, presentándose solicitudes para todas as titulacións agás para a de Xeografía, a pesar de haber alumnos que reúnen os requisitos para optar ó mesmo, polo que a Facultade formula unha solicitude para, de xeito excepcional, abrir un novo prazo de matrícula do Premio Extraordinario para a licenciatura de Xeografía.

Por todo o indicado, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Autorizar á Facultade de Xeografía e Historia a abrir un novo prazo de matrícula para o Premio Extraordinario correspondente ó curso 1999/2000 para os alumnos da Licenciatura de Xeografía.

SEGUNDO.- A solicitude de concorrencia deberá realizarse na Unidade de Xestión Académica do 8 ó 11 de xaneiro do ano 2001. A Facultade establecerá as datas concretas para xulgar ós concorrentes ó Premio Extraordinario entre o 15 e o 28 de febreiro.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2000
O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR. SECRETARIO XERAL - SR. DECANO DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA - SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. DIRECTOR DO COIE - SR. DIRECTOR DO SEIN - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.